# BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA" 2014

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, dispón que os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego, convoca unha nova edición do programa "Coñece a túa provincia", atendendo ó alto nivel de satisfacción que amosan nas enquisas os participantes en edicións pasadas, onde o cualifican de altamente positivo.

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte do organismo provincial, do programa "Coñece a túa provincia", que ten por finalidade fomentar a convivencia e o asociacionismo de distintos colectivos de persoas (maiores, mulleres, mozos, persoas con diversidade funcional, familias e menores) e contribuír ó seu enriquecemento cultural, a través de visitas diarias guiadas a centros integrantes do patrimonio da Deputación e ós principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra.

A dinamización económica e social constitúen o obxectivo prioritario que persegue a institución provincial mediante o desenvolvemento deste programa.

### Segunda. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias do programa todas as entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.

## Terceira. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

O lugar de presentación de solicitudes será o Rexistro xeral da Deputación:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, e no artigo 80 do R. d. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

En caso de enviarse por correo postal (ó rexistro da Deputación) este deberá ser certificado, co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

O prazo de inscrición será de 30 días naturais a partir do día seguinte da publicación no Boletín da provincia.

No suposto de que as prazas ofertadas non queden cubertas esta institución reservará para si o dereito de abrir un novo prazo de inscrición.

#### Cuarta. Documentación das entidades

As solicitudes deberán formularse seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no da Sede de Vigo ou na súa páxina web, <u>www.depo.es</u>.

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude.

## Quinta. Procedemento de selección

A concesión destas subvencións realizarase polo réxime de concorrencia competitiva. Correspóndelle a instrución ó Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego e a adxudicación á Xunta de Goberno.

O mínimo de prazas para participar será de 20 por cada entidade solicitante.

No caso de non chegar a completar un autocar (55 pasaxeiros) a empresa adxudicataria reservase o dereito a unificar esta petición coa doutra asociación para a mesma ruta.

Para colectivos de mobilidade reducida que precisen de cadeiras ou outras axudas técnicas, as prazas por autocar serán 45.

Para optar á posibilidade dun segundo autocar deberase completar o total de prazas, que normalmente ascende a 110 (55 pasaxeiros por autocar), no caso de colectivos de mobilidade reducida o total ascendería a 90 prazas (45 por autocar).

Nunca se subvencionarán máis de dous autocares.

A institución provincial establece a convocatoria de prazas do programa "Coñece a túa provincia", no marco de actividades para os colectivos de entidades de iniciativa social, ofertando inicialmente un máximo de 21.681 prazas, que serán outorgadas seguindo a seguinte orde de prevalencia:

1º Entidades de iniciativa social que axunten o listado nominal de participantes (especificando DNI e teléfono de contacto), cun número de participantes de 110 persoas, para colectivos de mobilidade reducida serán 90 persoas.

2º Entidades de iniciativa social que axunten o listado nominal de participantes (especificando DNI e teléfono de contacto), cun número de participantes de 55 persoas, para colectivos de mobilidade reducida serán 45 persoas.

3° Entidades de iniciativa social que axunten o listado nominal de participantes (especificando DNI e teléfono de contacto), cun número de participantes inferior a 55 persoas e superior a 20.

No caso que os listados de persoas participantes se excedan dos rangos anteriormente sinalados, formarán parte da lista de agarda, tendo sempre en conta a orde na que veñen relacionados no listado nominal. As solicitudes que non axunten o listado nominal cos datos dos participantes, non terán as prioridades sinaladas.

No caso de que fose preciso, teríase en conta a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

## Sexta. Obrigas dos participantes

Os participantes de cada unha das entidades solicitantes aboarán o primeiro día do programa a cantidade de doce euros. Esta aboaráselles directamente ós responsables da empresa

adxudicataria ou á persoa en quen deleguen, que lles expedirá o correspondente xustificante de pagamento.

## Sétima. Condicións do programa

Ofertarase un mínimo de doce rutas, referidas a lugares emblemáticos da nosa provincia que se relacionarán no modelo de solicitude.

No prezo a pagar por cada un dos participantes inclúese o traslado en autocar de ida e volta desde os seus concellos, a visita guiada por unha persoa que conte coa habilitación como guía de turismo especializado de Galicia e o xantar (cada menú constará, polo menos, de dous pratos, sobremesa, café e bebidas).

Os autocares terán unha antigüidade, como moito, de cinco anos e estarán totalmente adaptados ás limitacións físicas que poidan presentar os participantes integrantes dos colectivos beneficiarios do programa.

Cada entidade poderá escoller por orde de preferencia tres rutas entre as ofertadas e sinalar o mes e o día da semana preferente para realizar a actividade. Para maior información sobre cuestións relativas ás características das rutas poderán dirixirse á empresa adxudicataria.

A metodoloxía do programa consiste en pasar un día coñecendo os lugares sinalados na ruta indicada mediante o acompañamento dun guía oficial e incluíndo xantar e transporte.

Finalizado o proceso de inscrición a empresa adxudicataria porase en contacto co representante da entidade co fin de definir a ruta elixida e marcar a data para a súa realización, intentando respectar a opción escollida en primeiro lugar, así como as datas preferentes.

Unha vez marcado o día para a realización da ruta a empresa adxudicataria porase en contacto con todos os participantes da relación anexa á solicitude, co fin de lles facilitar a información precisa para o día da excursión.

A empresa será a encargada da recadación do pago do programa, mediante un xustificante de pagamento para cada un dos participantes.

O cronograma de saídas coordinarase cos representantes das entidades ou, no seu defecto, coa persoa en quen deleguen esta función. Será o representante da entidade o que determine

as paradas (dúas como máximo) para a recollida de participantes, que deberán dispoñer de espazos amplos onde os autobuses poidan entrar e manobrar.

Nos autocares irá un guía oficial que informará das coberturas do seguro para o programa e resolverá todas as dúbidas ó respecto.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia responsable da súa execución, coordinación e avaliación, que disporá de persoal especializado, con atención ó público ou vía telefónica, para calquera dúbida que puidese xurdir.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá ser comunicada ó Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego de esta institución provincial.

#### Oitava. Orzamento e financiamento

A contía consignada para este programa ascende a douscentos trinta e oito mil cincocentos (238.500,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 14/232.230-227.07 do orzamento ordinario da Deputación, sen prexuízo de que este crédito se amplíe.

O programa será cofinanciado pola institución provincial e os usuarios:

- A Deputación aboará a cantidade resultante de descontar os 12 euros de pago dos participantes sobre o prezo final, resultante do procedemento de adxudicación
- O usuario aboará 12 euros

#### Novena. Publicidade

En toda a publicidade que se elabore débese facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Para todo o relacionado coa publicidade dirixiranse ó seguinte enderezo de correo electrónico: comunicacion@depo.es.

## Décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa terán vixencia ata 31 de marzo de 2015.

# Décimo primeira. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do vixente orzamento provincial